



INFORME DE RESPONSTA ÁS ALEGACIÓNS

Asunto: Redución da liña límite de edificación

Solicitante: Concello de Ortigueira

Estrada: AC-862 Ferrol (FE-14) – L.P. Lugo

Situación: Marxe esquerda da estrada entre os PPQQ 63+140 e 63+320

Concello: Ortigueira

ANTECEDENTES

O 18 de febreiro de 2016 asínase o informe da Área de Planificación e Programación para iniciar a tramitación do expediente de redución extraordinaria da liña límite de edificación, ao que se fai referencia no encabezado deste informe, segundo o previsto no artigo 41.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Tralo informe da Área de Planificación e Programación, elaborouse un plano no que se establecía a delimitación proposta para a liña límite de edificación da estrada autonómica AC-862 Ferrol (FE-14) – L.P. Lugo, no seu treito situado entre os PPQQ 63+140 e 63+320.

Mediante resolución do 26 de febreiro de 2016, a dirección da Axencia Galega de Infraestruturas aprobou, ao abeiro do establecido no artigo 41.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, con carácter provisional a delimitación anterior, e resolveu tramitala segundo o procedemento establecido no artigo 85 do Regulamento Xeral de Estradas, aprobado por Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro.

En virtude do anterior, a delimitación provisional foi sometida a información pública, polo prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio do 29 de febreiro de 2016, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 51, do martes, 15 de marzo de 2016, e no taboleiro de anuncios do concello de Ortigueira, a fin de que calquera persoa física ou xurídica formulase as alegacións que estimase pertinentes.

Para estes efectos, o expediente estivo exposto ao público, en días e horas hábiles de oficina, nos locais da Axencia Galega de Infraestruturas en Santiago de Compostela e na Casa do Concello de Ortigueira.



O obxecto do presente documento é dar resposta ás alegacións presentadas con respecto á delimitación provisional da liña límite de edificación da estrada autonómica AC-862 Ferrol (FE-14) – L.P. Lugo, no seu treito situado entre os PPQQ 63+140 e 63+320.

ALEGACIONES E INFORMES PRESENTADOS

Durante o período de exposición pública da delimitación provisional, non se recibiu alegación algunha ao respecto daquela.

CONCLUSIÓN

Ante a ausencia de alegacións presentadas durante o período de información pública da delimitación provisional da liña límite de edificación da estrada autonómica AC-862 Ferrol (FE-14) – L.P. Lugo, no seu treito situado entre os PPQQ 63+140 e 63+320, e ante a falta de emisión de informes ao respecto por parte das entidades locais consultadas, propónse que aquela sexa aprobada definitivamente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2016

O xefe da Área de Planificación e Programación



Carlos Lefler Gullón